



INSTRUCCIÓN 11/2020, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE SOBRE NOVAS MEDIDAS EN MATERIA DE PERSOAL (APLICACIÓN DA ORDE SND/319/2020)

En anteriores instrucións desta xerencia foron expostas diversas medidas excepcionais dirixidas a garantir a dispoñibilidade de profesionais para facer fronte á carga asistencial crecente derivada do coronavirus SARS-CoV-2.

En concreto, as instrucións 7 e 10/2020 dispoñen que as xerencias/direccións, cando sexa preciso para atender a carga asistencial, e sen necesidade de autorización expresa, utilicen calquera das medidas especiais en materia de persoal previstas na Orde SND/232/2020, do 15 de marzo.

A Orde do Ministerio de Sanidade SND/319/2020, do 1 de abril (BOE do 3 de abril) vén de modificar novamente a Orde SND/232/2020 (tras facer o propio a Orde SND/299/2020, do 27 de marzo)

A nova Orde, entre outras, incorpora as seguintes medidas sobre requisitos de acceso:

- Amplía a habilitación para contratar transitoriamente a profesionais con título de especialista obtido en Estados non membros da Unión Europea, estendéndoa a determinados/as profesionais que teñan adquirido unha formación equivalente á que otorga o correspondente título español de especialista, e cuxa relación comunicará o propio Ministerio (novo número 3 do apartado *terceiro*).
- Permite a incorporación de persoal Técnico en Cuidados Auxiliares de Enfermería que aínda non dispón do correspondente título, pero que conta cun certificado que acredite a finalización dos correspondentes estudos (novo apartado *sexto ter*).



INSTRUCCIÓN

Primeira. Competencia e habilitación

As xerencias/direccións, cando sexa preciso para atender a carga asistencial, e sen necesidade de autorización expresa, poderán utilizar calquera das anteditas dúas novas medidas relativas aos requisitos de acceso (título de especialista obtido en Estados non membros da Unión Europea; certificado de estudos TCAE).

Segunda. Contratación excepcional dos profesionais, con título de especialista obtido en Estados non membros da Unión Europea, aos que se refire o novo número 3 do apartado terceiro da Orde SND/232/2020

Para a contratación destes profesionais utilizarase o modelo de nomeamento eventual que figura como Anexo II da instrución 7/2020, pero aludindo no seu encabezamento ao novo precepto habilitante (número 3 do apartado *terceiro* da Orde SND/232/2020).

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2020

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

